

## MELLORA PAISAXISTICA CAMIÑO DE SANTIAGO

### **SAN VICENTE DE CASTILLÓN, SANTO ESTEVO DO MATO, SANTALLA DE TOIRIZ (SANTALLA).**

O 4 de febrero de 2021 publícase no DOG a Resolución do 15 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, **das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago**, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TU501D).

#### **Beneficiarios/as:**

- **As persoas físicas ou xurídicas** titulares dun dereito real sobre un ben moble ou inmobile, recurso ou elemento situados en calquera dos tramos físicos dalgunha das rutas do Camiño de Santiago. Así mesmo, poderán ser beneficiarios os arrendatarios dos citados bens, así como aqueles que posúan calquera título válido en dereito que autorice a realización da actuación solicitada.
- **As comunidades de persoas propietarias** e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, en relación cos inmobiles situados en calquera dos tramos físicos dalgunha das rutas no Camiño de Santiago.
- **As asociacións de veciños, comunidades de montes veciñais en man común, comunidades de bens**, e calquera outra institución ou asociación que teña título habilitante suficiente para actuar sobre o recurso ou elemento sobre o que se propón a actuación situado en calquera dos tramos físicos dalgunha das rutas do Camiño de Santiago.

As actuacións deberán realizarse sobre bens físicos situados no ámbito de protección dos camiños de Santiago e no campo visual do seu recorrido.

- a) Actuacións sobre elementos etnográficos e a súa contorna;
- b) Actuacións sobre a casa e a eira.
- c) Actuacións no espazo agrario.
- d) Actuacións de naturalización.
- e) Actuacións no trazado do camiño.

O **importe** da subvención será **do 75 % do orzamento do investimento subvencionable**, co límite máximo de **10.000 €** para a categoría de persoas físicas ou xurídicas privadas.

O **prazo de presentación de solicitudes** será **ata o 4 de marzo 2021**.